

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 4 DE MAIO DE 2010

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/2041/2008.- Ernesto Montes Alvite.- Acondicionamento de local e apertura dun café-bar e un restaurante na rúa do Franco nº 37 –Baixo.

Lic/1643/2007.- Monteviejo Inversiones Inmobiliarias.- Licenza de inicio de obras e de apertura do uso residencial comunitario para 36 unidades na parcela PR5 do Polígono 2 do SUP-3 de Pontepedriña.

Lic/1383/2009 e Lap/189/2009.- María Piñeiro Mourelle, S. L.- Nave e apertura de imprenta na rúa María de los Angeles de la Gándara nº 8, Solo C-21.

DENEGADAS.-

Lic/132/2010.- Elida Rodeiro Eiras.- Vivenda unifamiliar na rúa das Estrelas.

Lic/850/2009.- José Iglesias Pazos.- Derruba da edificación existente na rúa Costa do Veedor nº 36 – 38 e posterior edificación dun edificio de vivenda colectiva en baixo máis dúas prantas, para dúas vivendas, garaxe e trasteiros.

PRÓRROGAS.-

Lic/769/2010.- Juan José Nogueiras Martínez.- Vivenda unifamiliar no lugar de Sixto – Marrozos, 85.

AUTORIZACIÓNS EN SOLO RÚSTICO.-

Lic/525/2006.- Explotación Gandeira Rey, S. C.- Galpón no lugar de Vilamaior.

Lic/1524/2009.- Anxo Rey Iglesias.- Galpón no lugar de O Cotiño, Cacharela polígono 510 parcela 1963.

Lic/1865/2009.- Carmen Seoane Cepeda.- Movemento de terras na rúa Camiño Real de Piñeiro.

SUBSANACION DE ERRO.-

Lic/994/2009.- Antonio Pombo Seoane.- Parcelación da parcela 573 – Rebordaos – San Miguel dos Agros.

RESOLUCION DAS ALEGACIONES presentadas pola Comunidade de Propietarios do edificio sito na rúa García Prieto, 9-11 e da promotora da edificación, Dona Concepción Casal Devesa.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

874/10.- José Angel Parrado Munín.- Expte. Lic/1845/2006 1.000 €.-

OCIHR

LICENZAS.-

Lic/1232/2009.- CARMEN FERNÁNDEZ GARABAL.- Rehabilitación interior e reposición de cuberta da vivenda sita no ruelleiro de Figueiriñas nº 3.

Lic/1462/2009.- JOSÉ LUIS GÓMEZ PÉREZ.- Rehabilitación de vivenda unifamiliar en rúa das Hortas, 32

PRÓRROGA.-

Lic/690/2010.- MARÍA DOLORES ENRIQUEZ OGANDO.- Prórroga da adecuación de vivenda na rúa do Vilar 4-3º

4.- Liquidación de gastos festas de Nadal, Fin de Ano e Reis 2009-2010.

Apróbase a liquidación cun resultado de 338,31 euros de déficit.

5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Igualdade relativa á renuncia da representante do Comité Cidadán Galego Antisida e resolución do convenio de colaboración suscrito con data 12.06.2003.

Acéptase a renuncia e resólvese o convenio.

6.- Expedientes en materia de contratación.

- adxudícase definitivamente o contrato das **obras de reforzo do firme na vía pública M-43-IV Urceira (Eixo)**, incluídas no POS ADICIONAL 2/2009 da Deputación da Coruña, á empresa EULOGIO VIÑAL por importe de 40.612,29 euros.

- apróbanse os pregos de cláusulas administrativas, así como o expediente para a contratación da **explotación do bar-cafetería sito na dársena de autobuses da avenida de Xoán XXIII en Santiago de Compostela** por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 25.000 euros/ano en concepto de canon fixo a aboar polo adxudicatario máis un 5% de participación nos beneficios.

- adxudícase provisionalmente o contrato de **ampliación, adecuación, supresión de barreiras arquitectónicas e sinalización de sendeiro autoguiado polos parques de Compostela**, incluída no FES 2010, á empresa CESPA, SA, por importe de 126.724,23 euros máis IVE.

7 a 26.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmoables, nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios.

27.- Proposta da alcaldía relativa á denominación de diversas rúas.

Apróbase a denominación de novas rúas no SUNP-14 (Tras Paxonal); SUP-7 (Pontepedriña); e SUNP-12 (Lamas de Abade).

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación provisional das listas de admisión e de espera nas escolas infantís municipais de Conxo e Fontiñas 2010-2011.

Apróbanse as listas provisionais que se exporán no taboleiro xeral do Concello e nos Departamentos de Educación e Mocidade. Os solicitantes que o desexen poderán efectuar as reclamacións, debidamente documentadas, no prazo de dez días contados desde a data de publicación da relación provisional.

2.- Contratación da prestación do servizo de conserxería e limpeza nos campos de fútbol de Santa Isabel e As Cancelas e nos polideportivos de Pontepedriña e Lorenzo de la Torre.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 59.846,02 euros máis IVE.